

Un ton innovador

Con despiadado talento



ROMÁN RAÑA

Chega ás nosas mans *Esteiro de noites falecidas* de Isidro Novo (Lugo, 1951), merecedor do IX Premio de poesía Concello de Carral. A súa obra narrativa estivo sempre nos lindes da afouteza, do inconformismo e da orixinalidade irreverente. Estas tres características, certamente, contaminan o presente volume outorgándolle un innovador ton poético, cheo de frescas alusións ao infreábel paso do tempo, á soidade como sentimento central do ser humano e á desolación dos ámbitos e dos seres que poboan a noite.

Isidro Novo constrúe os poemas con vigoroso rigor, con contundencia, como se estivese contándonos unha historia. Historia de fracasados, de noctámbulos, de habitantes das tavernas, fillos da madrugada, indefensos mendigos do cariño. Con despiadado talento, a



man do artista pincela escenas de derrota e penuria: “que un terraplén de desánimo/pretenda borrar o carmín/dos labios de ferro/dunha boca de metro.”

Así son as imaxes do poeta: impactantes, sen concesións ao lirismo redentor, sempre abocadas a describir a desesperación e a melancolía. Tamén o desamor, como acontece no magnífico “Nin porteiro automático nin ascensor”, onde un home, na soidade do seu cuarto, non descolga o teléfono para descubriremos, despois, que o chama a muller de quen se separou, mentres os ollos se empa-

pan de bágoas agardando que se vaia, que non retorne máis quen tanto amou. Historias esgazadas, proxectos amorosos truncados, personaxes que beben na noite apocalíptica vasos de alcol infindo e preguntan polo sentido do seu destino, polo sentido da vida, polo amor que non chega. E, ao despertar no día seguinte, voltar a vivir o xavivido, a beber o xa bebido.

Sonámbulos, escuros transeúntes da hecatombe, os protagonistas dos poemas transitan polos versos desorientados, confusos, confundidos de vida e de destino, como se unha escura confabulación de astros ou de acasos perpetrasen a nostalxia, o arrepentimento, o fracaso. Poemas perentorios, espléndidos e fulgurantes uns, xunto con outros máis opacos, a poesía de Isidro Novo, narrativa, arriscada, merece un lugar eminente nos nosos andeís.

NOVO, Isidro, *Esteiro de noites falecidas*, Ed. Espiral Maior, A Coruña, 2008, 59 páxinas.